



XUNTA  
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



Concello  
de Quiroga

galicia

## PROGRAMA PARA A INCLUSIÓN SOCIAL DA POBOACIÓN XITANA

### Estratexia de Inclusión Social de Galicia (2014-2020)

Operación cofinanciada pola Unión Europea  
Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020

Promover a igualdade, a saúde e a inclusión social  
*O FSE inviste no teu futuro*



Actuación subvencionada a través da Orde do 24 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de Actuación subvencionada a través da Orde do 24 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión para os anos 2018 e 2019. Cofinanciada polo Fondo Social Europeo (FSE) "O FSE inviste no teu futuro" no marco do Programa Operativo FSE de Galicia 2014-2020, no seu obxectivo 9 "Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación", cunha taxa de cofinanciamento do 80%. Dirección Xeral de Inclusión Social. Procedemento: B5623C



**XUNTA  
DE GALICIA**



UNIÓN EUROPEA



Concello  
de Quiroga

galicia

## **PROGRAMA DE REFERENCIA**

**PROGRAMA PARA A INCLUSIÓN SOCIAL DA COMUNIDADE XITANA.**

**MUNICIPIO DE QUIROGA (LUGO)**

**SERVIZO DE FORMACIÓN ADAPTADA**

Actuación subvencionada a través da Orde do 24 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de Actuación subvencionada a través da Orde do 24 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión para os anos 2018 e 2019. Cofinanciada polo Fondo Social Europeo (FSE) "O FSE inviste no teu futuro" no marco do Programa Operativo FSE de Galicia 2014-2020, no seu obxectivo 9 "Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación", cunha taxa de cofinanciamento do 80%". Dirección Xeral de Inclusión Social. Procedemento: BS623C

## **OBXECTIVO**

Programar, organizar e levar a cabo actuacións de formación adaptada encamiñadas á incorporación e permanencia no mercado laboral das persoas participantes. Elevar o seu nivel de vida, conservando e desenvolvendo a cultura xitana e incorporando a perspectiva de xénero no ámbito formativo.



XUNTA  
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



Concello  
de Quiroga

galicia

## POBOACIÓN DESTINATARIA

### *Con prioridade:*

-Todos os membros que forman o asentamento xitano, un total de 21 familias: 75 persoas, con maioría de poboación infantil y feminina.

### *De forma complementaria:*

-Persoas non pertencentes ao colectivo xitano que están interesados nos cursos de formación que desenvolven a través do módulo de formación adaptada.

## INTERVENCIÓN

|                                   |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |
|-----------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Realización de Accións Formativas | <ul style="list-style-type: none"><li>• Homes e mulleres que participan no <b>Curso de Preparación do Graduado en ESO.</b></li><li>• Homes e mulleres realizando o curso de preparación de <b>Avaliación en Competencias Clave.</b></li><li>• Nenos e nenas participan na actuación formativa de <b>Reforzo Socioeducativo para menores</b></li></ul> |
|-----------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

## DESCRICIÓN XERAL DO PROGRAMA

O Concello de Quiroga desenvolve o Programa de Inclusión Social da Comunidade Xitana como un recurso fundamental para reforzar o traballo iniciado dende os Servizos Sociais do Concello con estas familias no ano 1996, en áreas de saúde, hixiene, formación e integración social. Grazas ao Programa ampliouse o espazo de actividades e a evolución na súa conduta responde ao cumprimento dos obxectivos plantexados. As diferentes actuacións do Programa teñen como marco de desenvolvemento o Centro de Formación Profesional Ocupacional “Pía Páxaro” de Quiroga e nos seus domicilios. Tamén facemos uso da Aula CeMIT situada na Casa de Cultura de Quiroga para charlas, proxección e actividades relacionadas coa informática.

No ano 2.000, as familias do colectivo xitano de Quiroga pasan a formar parte do Plan Nacional de Desenvolvemento Xitano. Naquel momento estaba formado por 27 persoas entre nenos e adultos. Para o mellor coñecemento das familias e dos seus costumes, propuxémoslles que entre todos, xitanos e xitanas do poboado, escribisen o que soubesen da súa historia no Municipio: as orixes, os antepasados, experiencias, modo de vida... e así xurdiu unha breve historia contada por eles de cómo foi a súa chegada e asentamento nestas terras.

Deste xeito, foi valorado positivamente o forte arraigo dentro do Concello e que amosasen signos de estabilidade, creando un núcleo estable formado polas diferentes familias que se ían creando. Xa deixaron de ser nómades e pasaron a formar parte activa da comunidade integrándose plenamente dentro dela e participando da vida e desenvolvemento do pobo de Quiroga. Pasaron a ser un activo máis desta comunidade.

As relacións que teñen co resto das familias do Municipio son boas, como eles mesmos afirman xa que moitos coñécense dende a escola e seguen sendo amigos.

Como sino de identidade deste asentamento, destacar a accesibilidade aos medios tanto educativos como laborais existentes neste Municipio. Nas actuacións realizadas mediante o módulo de formación adaptada, participan nas clases de preparación das probas de Avaliación de Graduado/a en ESO, as de Competencias Clave. Igualmente se está a desenvolver a Actuación formativa de Reforzo Socioeducativo para menores nos propios fogares.





**XUNTA  
DE GALICIA**



UNIÓN EUROPEA



Concello  
de Quiroga

galicia

### Actividades que se desenvolven

- Traballo no Centro de Formación Profesional Ocupacional (Accións Formativas de preparación das probas de Graduado/a en ESO e de Competencias Clave), dirixido pola Educadora Familiar.
- Actividades de apoio e reforzo Socioeducativo nos seus domicilios, con nenos/as de educación infantil, primaria e secundaria (Educadora Familiar)
- Apoio e seguimento para os nenos de 3 a 16 anos en actividades de reforzo Socioeducativo.

### CRONOGRAMA

**Período comprendido entre o 01/07/2018 ata o 30/11/2018**

| ACTUACIÓNS                                                                                           | ACTIVIDADES                                                                                                           | Xullo 2018 | Agosto2018 | Setembro 2018 | Outubro 2018 | Novembro 2018 |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|------------|---------------|--------------|---------------|
| <b>Realización dun curso de preparación das probas de Graduado en ESO.</b> Duración: 159 horas       | Clases teóricas impartidas pola Educadora Familiar na aula do Centro de Formación Profesional Ocupacional de Quiroga. | X X X X    | X X X X    | X X X X       | X X X X      | X X X X       |
| <b>Realización dun curso de preparación de avaliación en Competencias Clave.</b> Duración: 162 horas | Clases teóricas impartidas pola Educadora Familiar na aula do Centro de Formación Profesional Ocupacional de Quiroga. | X X X X    | X X X X    | X X X X       | X X X X      | X X X X       |
| <b>Acción formativa de reforzo socioeducativo para menores. :</b> 95 horas                           | Actuación dirixida pola Educadora Familiar nos domicilios.                                                            | X X X X    | X X X X    | X X X X       | X X X X      | X X X X       |

Actuación subvencionada a través da Orde do 24 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de Actuación subvencionada a través da Orde do 24 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e a inclusión social da poboación gitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión para os anos 2018 e 2019. Cofinanciada polo Fondo Social Europeo (FSE) "O FSE inviste no teu futuro" no marco do Programa Operativo FSE de Galicia 2014-2020, no seu obxectivo 9 "Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación", cunha taxa de cofinanciamento do 80%". Dirección Xeral de Inclusión Social. Procedemento: B5623C



**XUNTA  
DE GALICIA**



UNIÓN EUROPEA



Concello  
de Quiroga

galicia

## CRONOGRAMA

**Previsión de desenvolvemento das acción formativas para o período comprendido  
entre o 01/12/2018 ata o 31/10/2019**

| ACTUACIÓNS                                                                                        | ACTIVIDADES                                                                                                            | CRONOGRAMA      |                 |                  |               |               |              |              |               |                |                |                 |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|-----------------|------------------|---------------|---------------|--------------|--------------|---------------|----------------|----------------|-----------------|
|                                                                                                   |                                                                                                                        | Decembr<br>2018 | Xaneiro<br>2019 | Febreiro<br>2019 | Marzo<br>2019 | Abril<br>2019 | Maio<br>2019 | Xuño<br>2019 | Xullo<br>2019 | Agosto<br>2019 | Setemb<br>2019 | Outubro<br>2019 |
| Realización dun curso de preparación das probas de Graduado en ESO.<br>Duración: 341 horas        | -Clases teóricas impartidas pola Educadora Familiar na aula do Centro de Formación Profesional Ocupacional de Quiroga. | X X X X         | X X X X         | X X X X          | X X X X       | X X X X       | X X XX       | X XXX        | X X X X       | XXXX           | XXXX           | XXXX            |
| Realización dun curso de preparación de avaliación en Competencia s Clave.<br>Duración: 346 horas | -Clases teóricas impartidas pola Educadora Familiar na aula do Centro de Formación Profesional Ocupacional de Quiroga. | X X X X         | X X X X         | X X X X          | X X X X       | X X X X       | X X XX       | X XXX        | X X X X       | XXXX           | XXXX           | XXXX            |
| Acción formativa de reforzo socioeducati vo para menores<br>Duración : 205 horas                  | Actuación dirixida pola Educadora Familiar nos domicilios.                                                             | X X X X         | X X X X         | X X X X          | X X X X       | X X X X       | X X XX       | X XXX        | X X X X       | XXXX           | XXXX           | XXXX            |

Actuación subvencionada a través da Orde do 24 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de Actuación subvencionada a través da Orde do 24 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e a inclusión social da poboación gitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión para os anos 2018 e 2019. Cofinanciada polo Fondo Social Europeo (FSE) "O FSE inviste no teu futuro" no marco do Programa Operativo FSE de Galicia 2014-2020, no seu obxectivo 9 "Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación", cunha taxa de cofinanciamento do 80%". Dirección Xeral de Inclusión Social. Procedemento: B5623C



XUNTA  
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



Concello  
de Quiroga

galicia

## **“ACTUACIÓN FORMATIVA DE PREPARACIÓN DAS PROBAS DE GRADUADO/A EN ESO”**

Dentro da formación para adultos, están realizando a ACCIÓN FORMATIVA denominada “CURSO DE PREPARACIÓN DAS PROBAS DE GRADUADO/A EN ESO”, cunha duración total de **500 horas**. Este curso xa se ven impartindo dende anos anteriores porque a formación que estamos dando é continua. A etapa á que nos referimos, abarca dous períodos:

**1º.- Do 1 de xullo de 2018 ata o 30 de novembro de 2018 ( duración da actividade **159 horas**)**

**2º.- Do 1 de decembro de 2018 ata o 31 de outubro de 2019 (duración da actividade **341 horas**)**

O curso é impartido pola Educadora Familiar na aula do Centro de Formación Profesional Ocupacional “Pía Páxaro” de Quiroga e ten continuidade todo o ano.

O obxectivo primordial deste curso é preparar a xitanos e xitanas para as probas de graduado/a en ESO e acadar a titulación necesaria para acceder aos cursos de obtención dos Certificados de Profesionalidade, requisito indispensable se queren entrar no mercado laboral nas mellores condicións posibles. A formación que están recibindo preséntase como imprescindible.



XUNTA  
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



Concello  
de Quiroga

galicia

O título de Graduado/a en Educación Secundaria é básico dentro do sistema educativo xa que moitas persoas incorpóranse ao mundo laboral despois de obtelo. Para estes alumnos adultos, este título é un obxectivo importante desde o punto de vista da súa mellora e do seu perfeccionamento persoal, e tamén desde o punto de vista das posibilidades de conseguir un emprego.

No caso das mulleres que asisten, procuramos darlle unha formación que responda aos seus intereses e capacidades xa que non queremos crearlles falsas expectativas ou situacións frustrantes para elas e que as desmotiven á hora de seguir coa actividade formativa.

Por iso procuramos que as intervencións vaian dirixidas sempre a incrementar a autoestima e a motivación para o emprego, obxectivo tanto para homes como para as mulleres. As persoas ás que diriximos tanto esta e as outras actividades, son sempre as verdadeiras protagonistas do proceso formativo.

A data de convocatoria das probas para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria obrigatoria para maiores de dezoito anos, aparece publicada no DOG, mediante a correspondente Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, momento no cal dende o Departamento de Servizos Sociais do Concello de Quiroga tramitamos a matriculación dos/as alumno/as que están realizando o curso.



**XUNTA  
DE GALICIA**



UNIÓN EUROPEA



Concello  
de Quiroga

galicia

## **PERFIL DOS PARTICIPANTES**

A educación é un dereito humano e un elemento indispensable para o progreso económico e social dun pobo, por iso debe ser considerada como un instrumento fundamental para acadar a igualdade de xénero. A educación no contexto da comunidade xitana con perspectiva de xénero, implica observar a diferenza e permanencia no acceso o sistema educativo de homes e mulleres e tamén ter en conta a idiosincrasia da poboación xitana.

No momento de seleccionar os/as participantes nesta acción formativa un dos criterios aplicados é o de identificar as necesidades e as dificultades polas que pasan sobre todo as mulleres xitanas na súa relación co sistema educativo e formativo para establecer medidas efectivas para que a formación que reciben fomente o seu desenvolvemento como persoas.

A asistencia ás clases é regular. Teñen circunstancias familiares que as veces lles dificultan a asistencia dentro dos horarios establecidos pero esas horas son recuperadas a posteriori. Pero son bastante responsables neste sentido. Non se dan máis faltas entre as mulleres que entre os homes. Son moi constantes. Soen ser as mulleres as que animan aos homes nas clases, son as que tiran por eles. Fan un traballo pedagóxico moi importante cos seus maridos e os motivan para que estuden e se preparen.

Todos os que participan nesta actividade son rapaces e rapazas xóvenes e que fixeron algún curso da ESO pero non chegaron a rematala. O seu nivel educativo é bastante bo sobre todo entre as mulleres.



XUNTA  
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



Concello  
de Quiroga

galicia

As actuacións Formativas desenvólvense no Centro de Formación Profesional Ocupacional “Pía Páxaro” de Quiroga, situado dentro do casco urbano e que o Concello de Quiroga nos asigna para as clases. A aula conta co mobiliario, con material educativo e cos recursos necesarios para impartir os cursos e o desenvolvemento da programación. As clases son impartidas de luns a venres cunha duración diaria de dúas horas.



Grupo de alumnos fronte á fachada principal do CFPO, “Pía Páxaro”, lugar no que se desenvolven as accións formativas de preparación das probas de Graduado/a en ESO e as probas de Competencias Clave (16/04/2018)



XUNTA  
DE GALICIA



Concello  
de Quiroga



## **“ACCIÓN FORMATIVA DE PREPARACIÓN DAS PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE”**

No Concello de Quiroga desenvólvese dentro do Programa Dirixido á Inclusión Social da Comunidade Xitana, a Acción Formativa denominada **“CURSO DE PREPARACIÓN DAS PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE”**, cunha **duración total de 508 horas** entre o 01/07/2018 ata o 31/10/2019, repartidas en dous períodos:

- 1.- Entre o **01/07/2018 ata o 30/11/2018** a primeira etapa, cunha duración de **162 horas**.
- 2.- A segunda etapa, abarca dende o **01/12/2018 ata o 31/10/2019** cunha duración de **346 horas**.

A Dirección Xeral de Formación e Colocación, a través do Instituto Galego das Cualificacións, realizará polo menos unha convocatoria anual para a realización das probas de avaliación das competencias clave e que se publica mediante a correspondente Orde no DOG.

Dende o Departamento de Servizos Sociais e Familia do Concello de Quiroga, dámoslle a información e realizamos o trámite de matrícula enviándolle as solicitudes para presentarse ás probas.



XUNTA  
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



Concello  
de Quiroga

galicia

A maioría son matrimonios moi xóvenes e con nenos pequenos e buscan outras saídas á situación económica. Valoran a formación como un medio para acadar estabilidade económica e familiar. E aí estamos nos, dende o Departamento de Servizos Sociais do Concello para axudarlles a conseguilo.

A docente responsable das actuacións formativas é a Educadora Familiar e o lugar en que se imparte o curso é no Centro de Formación Profesional Ocupacional de Quiroga.

A Educadora Familiar tamén traballa coas familias na consecución e mantemento dos obxectivos acadados e nun dobre reforzo educativo; por un lado que sexan os pais os que apoiem aos seus fillos na casa e que estes vexan a importancia de ter estudos e acadar o Graduado en ESO no IES de Quiroga, para o seu futuro e, por outra parte, a consecución da titulación necesaria para a busca e a obtención de traballo.

Entre a poboación adulta non se dá o analfabetismo xa que todos eles foron ao colexio cando eran pequenos. Os máis maiores deixaron o centro entre os cursos cuarto e sexto de Educación Xeral Básica, pero a súa formación é elemental. As posteriores xeracións xa chegaron a iniciar a ESO no Instituto pero foron abandonando os estudos, ben para casarse ou tamén por falla de interese.



**XUNTA  
DE GALICIA**



UNIÓN EUROPEA



Concello  
de Quiroga

galicia

## METODOLOXÍA DE INTERVENCIÓN

Á hora de intervir con este grupo, a metodoloxía que aplicamos ten en conta a participación das persoas que o integran, sempre mantendo pola nosa parte unha actitude cercana e coidadosa con eles. Partimos da nosa experiencia de moitos anos traballando cos homes e as mulleres xitanas do poboado para que se impliquen no desenvolvemento das actividades e que nos aporten os seus sentimentos, ideas e suxestións.

Aplicar a perspectiva de xénero durante o desenvolvemento tanto desta como do resto das actividades, implica que temos en conta nos nosos obxectivos, indicadores e avaliacións, que as necesidades dos homes e das mulleres xitanas da nosa comunidade que participan na formación, se están tendo en conta por igual e que gocen nas mesmas condicións dos seus obxectivos, independentemente de que o noso traballo vaia dirixido á inserción laboral.





XUNTA  
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



Concello  
de Quiroga

galicia

Os homes e mulleres que participan nesta acción formativa xa o fixeron en anos anteriores na preparación das probas en Competencias Clave. O seu desexo é aprobar as competencias que lle faltan e poder facer así diferentes cursos e obter os certificados de profesionalidade. Por medio desta formación estamos dando as pautas que deben seguir para a consecución dos obxectivos, neste caso, aprobar o exame.

O nivel de aprendizaxe é moi semellante entre os rapaces e as rapazas, algunha delas deixaron os estudos en segundo da ESO, algunha delas para casarse e outras porque non tiveron nos fogares suficiente apoio, ou por falla de motivación.

Ante a oportunidade de asistir as accións formativas, non o dubidaron e son ademais as que animan as súas parellas ou irmáns a que tamén estuden. Elas son quen motivan os rapaces a estudar.



Alumnos e alumnas durante unha clase



XUNTA  
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



Concello  
de Quiroga

galicia



Alumnos e alumnas durante unha das clases

Actuación subvencionada a través da Orde do 24 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de Actuación subvencionada a través da Orde do 24 de xullo de 2018 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión para os anos 2018 e 2019. Cofinanciada polo Fondo Social Europeo (FSE) "O FSE inviste no teu futuro" no marco do Programa Operativo FSE de Galicia 2014-2020, no seu obxectivo 9 "Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación", cunha taxa de cofinanciamento do 80%". Dirección Xeral de Inclusión Social. Procedemento: BS623C



XUNTA  
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



Concello  
de Quiroga

galicia

## **“ACCIÓN FORMATIVA DE REFORZO SOCIOEDUCATIVO PARA MENORES”**

No Concello de Quiroga desenvólvese dentro do Programa Dirixido á Inclusión Social da Comunidade Xitana, a Acción Formativa denominada “**ACCIÓN FORMATIVA DE REFORZO SOCIOEDUCATIVO PARA MENORES**” cunha **duración total de 300 horas** entre o 01/07/2018 ata o 31/10/2019, repartidas en dous períodos:

- 1.- Entre o **01/07/2018 ata o 30/11/2018** a primeira etapa, cunha duración de **95 horas**.
- 2.- A segunda etapa, abarca dende o **01/12/2018 ata o 31/10/2019** cunha duración de **205 horas**.

O obxectivo xeral de intervención socioeducativa é o de traballar coas familias xitanas a fin de reducir o abandono escolar e aumentar o éxito académico dos seus fillos e fillas.

Para elo ofrecemos un modelo metodolóxico de intervención flexible e adaptable aos diferentes contextos nos que se desenvolven as accións coas familias no marco de programas ou proxectos educativos.



XUNTA  
DE GALICIA



UNIÓN EUROPEA



Concello  
de Quiroga

galicia

A implicación da familia e os profesionais que traballamos con eles na educación dos seus fillos é crucial para o éxito educativo dos menores. Habida conta do rol particularmente importante da familia e da comunidade no contexto xitano, é esencial aumentar a toma de conciencia das familias xitanas sobre as consecuencias que un abandono escolar temperá ten sobre os seus fillos, en termos de desenvolvemento persoal e futura inclusión social e económica. É especialmente importante traballar coas familias xitanas a permanencia no sistema educativo das nenas, son as máis afectadas por o abandono escolar temperá.

Igualmente trataremos de ofrecer directrices para establecer unha adecuada vinculación e colaboración entre a familia, o centro escolar e o alumnado.